

Estimados profesores e profesoras:

No comezo do novo curso o grupo de traballo de Química ponse en contacto con vós para informaros de que no enlace da materia de Química da páxina web da CiUG (<https://ciug.gal/gal/abau/quimica>) poderedes atopar toda a información relativa ás probas nos seguintes enlaces/arquivos:

- **ORIENTACIÓNS XERAIS.** Engloban unhas consideracións previas e orientacións, para cada bloque da materia, elaboradas polo grupo de traballo para a proba ABAU a partir dos estándares de aprendizaxe. As orientacións xerais que se recollen no documento son a base sobre a que se elaborará a proba ABAU. Como novidade respecto ao ano pasado, neste curso inclúese a hibridación. Tanto as leis de Faraday como a electrólise, seguen sen incluírse, aínda que si formen parte do currículo de bacharelato.
- **INDICACIÓNS PARA A FORMULACIÓN.** Entendidas como de mínimos de cara á proba ABAU.
- **MODELO DE EXAME.** O modelo de exame este curso mantense con respecto ao curso pasado. Débese recordar ao alumnado que os datos necesarios para a resolución dalgunha das preguntas pódenos atopar nun recadro da parte inferior do exame.
- **CRITERIOS DE CORRECCIÓN.** É importante que o alumnado sexa coñecedor dos mesmos antes da realización da proba. Revisádeos ben.
- **TÁBOA PERIÓDICA.**
- **VALORACIÓNS DAS ABAU 2022.** Resumo dos resultados da proba da convocatoria 2022 de xuño e xullo, que inclúe os erros máis comúns detectados polos correctores, e que se repiten moitas veces ano tras ano. Esta información elabórase a partir do informe individual que fai cada corrector de Química unha vez remata a corrección. O grupo de traballo considera este resumo moi importante e de gran axuda para todos vós.
- **EXAMES ANOS ANTERIORES** (<https://ciug.gal/gal/abau/exames>). Neste apartado atópanse os exames, criterios e solucións de convocatorias anteriores (pdf os cinco últimos anos e en arquivo zip cos exames anteriores á LOMCE).

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión.  
Moito ánimo para este curso.

Recibide un cordial saúdo,  
O Grupo de Traballo de Química